



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 16 DE MARZO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 13:00 horas do día 16 de marzo de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 14-03-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. David Regades Fernández

**Vocais:**

Dna. Susana García Álvarez.  
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez.  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.  
D. Gilberto Moldes Crespo.

**Secretaria:** Dna Beatriz Barbará Rodríguez

#### 1.- Aprobación de actas

a) **Acta da sesión de 03-03-2016**

Se aproba, por unanimidade dos membros asistentes á presente sesión, a acta da sesión desta mesa de 3 de marzo de 2016.

b) **Acta da sesión de 10-03-2016**

Se aproba, por unanimidade dos membros asistentes á presente sesión, a acta da sesión desta mesa de 10 de marzo de 2016.

c) **Acta da sesión de 14-03-2016**

Se aproba, por unanimidade dos membros asistentes á presente sesión, a acta da sesión desta mesa de 14 de marzo de 2016.

#### 2.- Incidencias.



- a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446). Dar conta do auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a solicitude de suspensión da resolución do Tribunal administrativo Central de Recursos Contractuais. Informes do xefe de servizo de Xardíns e da xefa do servizo de Contratación**

Se entregan sendos informes, do xefe do servizo de Montes, parques e Xardíns, e da xefa do servizo de Contratación, ambos de data 16 de marzo de 2016.

No primeiro deles, ponse de manifesto os prexuízos que causaría o deixar de prestar o servizo de mantemento das zonas verdes.

No segundo, se detallan o procedemento a seguir para a execución da resolución 901/2015 do TACRC. Á vista do mesmo, a mesa, por unanimidade dos asistentes, acorda solicitar ó xefe de xardíns un informe de clasificación en orden descendente das ofertas admitidas no Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 13:45 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. David Regades Fernández

Dna. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:30	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA34D-C7D9BE-552241-JS51GK-AUX797-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		